



SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) PARA O ANO 2024 DE PRAZAS ESTABLES DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O artigo 36.Un da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (DOG núm. 246 do 29/12/2023), establece que as universidades do Sistema universitario de Galicia *respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto e con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os corpos de catedráticas e catedráticos de universidade e de profesores e profesoras titulares de universidade e máis ás prazas de persoal de administración e servizos*”.

O artigo 20.Dous.1.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 de 24/12/2022), prorrogados para o ano 2024, establece unha taxa de reposición de como máximo un 120% para as prazas dos Corpos de Catedráticos/as de Universidade, de Profesores/as Titulares de Universidade e de Profesores/as Contratados/as Doutores/as de Universidade, *“sempre que por parte das Administracións Públicas das que dependan se autoricen as correspondentes convocatorias.”*

O mesmo artigo no punto Tres.1 engade que *“As prazas de profesor/a Contratado/a Doutor/a que queden vacantes como consecuencia do acceso a un Corpo docente universitario, poderanse incluír na taxa de reposición do exercicio seguinte”*. Ademais, indica que para calcular a taxa de reposición de efectivos, *“a porcentaxe de taxa máxima autorizada aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados/as fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaran no referido exercicio, por calquera causa agás os supostos previstos no apartado tres.4, o reingreso dende situacións que non leven aparellada a reserva de postos de traballo.*

Para estes efectos computaranse os ceses por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva do posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva do posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que cesa.

Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polo concursos de traslados a outras Administracións Públicas, así como as producidas como consecuencia do disposto no apartado seis.3 deste artigo e no apartado Uno.3 das disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésima terceira respecto da mobilidade do persoal cunha relación preexistente, fixa e indefinida no sector de que se trate.”

Complétanse as instrucións para o cálculo da taxa de reposición no artigo 20.Tres.4: *“Non computarán para a taxa de reposición e, polo tanto, non se terán en conta para o seu cálculo: a) As prazas que se cubran como consecuencia da incorporación de persoal en execución de emprego público de exercicios anteriores. b) As prazas que se convoquen por promoción interna, nin os ceses derivados de ditos procesos, agás os supostos de acceso por este sistema ao Corpo de Catedráticos/as de Universidade, no termos previstos no artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de*



Universidades. c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial”.

A Universidade da Coruña (UDC) vén de revisar o seu cadro de persoal docente para calcular a taxa de reposición segundo o establecido na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o ano 2024, co fin de publicar a Oferta de Emprego Público (OEP) para o ano 2024.

Segundo os datos de baixas e vacantes (Anexo I) de PDI na Universidade da Coruña no ano 2023, a taxa de reposición 2024 é de 61 prazas (120% dun total de 51 baixas/altas rexistradas) que de xeito desagregado corresponde a:

- 27 baixas por finalización da relación de profesorado dos corpos docentes universitarios ou extinción do contrato de PDI contratado permanente. (Ver Anexo I, apartado a) e b)
- 2 baixas por falecemento de profesorado dos corpos docentes. (Ver Anexo I apartado c)
- 1 baixa por renuncia ao contrato de PDI contratado permanente. (Ver Anexo I, apartado d)
- 10 baixas de profesorado Titular de Universidade que como consecuencia de procesos de promoción interna á categoría de Catedrático/a de Universidade pasaron á situación de excedencia voluntaria por servizo activo noutro corpo ou escala de calquera Administración Pública (artigo 20.Tres.4 a) e b) de la Lei 31/2022). (Ver Anexo IV)
- 11 baixas de profesorado Contratado Doutor que quedan vacantes como consecuencia do acceso ao corpo de Titulares de Universidade (artigo 20.Tres.1 da Lei 31/2022). (Ver Anexo IV)

Durante o ano 2023 non se produciron máis incorporacións que as procedentes das convocatorias que foron resoltas e que estaban incluídas nas Ofertas de Emprego Público vixentes.

A Universidade da Coruña non fará uso da posibilidade contemplada no artigo 20.Tres.2 da Lei 31/2022: *“A taxa resultante das regras do número anterior poderá incrementarse coa derivada das altas e baixas rexistradas durante o exercicio en curso, ata a data de aprobación da oferta, o que deberá constar na propia oferta”.*

A Universidade da Coruña acordou o seguinte reparto desta taxa de reposición co fin solicitar a autorización preceptiva previa a publicación da OEP para o ano 2024:

Categoría	Quenda Xeral	Discapacidade Xeral	Total de Prazas
Profesor/a Permanente Laboral	31	2	33
Titular de Universidade	26	2	28

En aplicación do disposto no art. 20.Dos.3 I) da Lei 31/2022 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o ano 2024, o 15 % do total das 32 prazas



de Contratado/a Doutor/a e 28 prazas de Titular de Universidade, 9 das prazas ofertas (6 de Profesor/a Permanente Laboral e 3 de Profesor/a Titular) resérvanse para a incorporación de persoal investigador doutor que superasen a avaliación do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (I3) ou que obtivesen o certificado como investigador/a establecido/a (R3) dentro do Programa Ramón y Cajal. No caso de que non se utilicen todas as prazas previstas nesta reserva, as sobrantes poderán ofertarse a outras persoas investigadoras de programas de excelencia nacionais ou internacionais que obtivesen o certificado I3 ou R3. As prazas obxecto de reserva que quedasen vacantes poderán acumularse á convocatoria ordinaria de quenda libre dese mesmo ano.

O artigo 20.Tres.4.b) da Lei 31/2022 establece a que *“Non computarán para a taxa de reposición e, polo tanto, non se terán en conta para o seu cálculo: [...] b) As prazas que se convoquen promoción interna nin os ceses derivados de ditos procesos, agás os supostos de acceso por este sistema ao Corpo de Catedráticos de Universidade, nos termos previstos no artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades”*, neste sentido o artigo 71.2 da Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario permite convocar prazas por promoción interna para o acceso desde a categoría de Profesor e Profesora Titular de Universidade e de Profesor e Profesora Permanente Laboral a outra de superior categoría, sempre que as prazas destes programas non superen o número máximo de prazas que sexan obxecto da oferta de emprego público de quenda libre, nese mesmo ano, para o acceso aos corpos docentes do artigo 68 e Profesorado Permanente Laboral.

En aplicación do disposto no artigo 20.Tres.4.b) da Lei 31/2022 e no artigo 71.2 da Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario, solicítase a autorización preceptiva previa para incluír na OEP do ano 2024 as seguintes prazas polo procedemento de promoción interna:

Categoría	Quenda Xeral	Discapacidade Xeral	Total de Prazas
Catedrático/a de Universidade	10	1	11

A creación das correspondentes prazas desta OEP 2024 poderá supoñer a amortización de 24 prazas de axudante doutor/a, 23 prazas de Contratado/a Doutor ou Permanente Laboral e 11 prazas de Titular de Universidade. O Anexo II achega información sobre o custe anual das prazas que se poderán amortizar unha vez executada a OEP do ano 2024.

Faise constar que o Consello de Goberno da UDC aprobou un regulamento polo que se establecerá, a través dun procedemento interno, as áreas de coñecemento prioritarias onde se procederá a convocar as prazas resultantes desta oferta de emprego, non podendo neste momento concretar con exactitude esas áreas.



As retribucións mensuais correspondentes as categorías que se inclúen nesta OEP 2024 son as seguintes:

	Catedrático/a de Universidade (promoción interna)	Titular de Universidade	Permanente Laboral
Soldo	1.294,60 €	1.294,60 €	1.294,60 €
Complemento de destino	1.014,34 €	928,99 €	928,99 €
Complemento específico:	1.143,57 €	533,52 €	533,52€
IPCC CCAA	13,07 €	10,44 €	
Total mensual:	3.465,54 €	2.767,55 €	2.757,11 €
Cargas sociais	798,46 €	637,64 €	881,72 €
Custo total	4264,00 €	3.405,19 €	3.638,83 €

Táboa 1: Retribucións mensuais correspondentes ao ano 2024

No Anexo III relaciónase o custe anual das prazas que se pretenden ofertar pola Universidade da Coruña nesta OEP do ano 2024. Isto supón un custe de 3.581.701,8 € (ver táboa anexo III).

O custe de amortización das prazas de PDI que causou baixa no ano 2023 é de 1.394.412,12 € (ver anexo I).

Por outra banda, no ano 2023 a Universidade da Coruña executou un total de 10 prazas de Catedrático/a de Universidade e 24 prazas de Titular de Universidade (2 correspondentes á OEP 2021, 1 correspondentes á OEP 2022 e 31 correspondentes á OEP 2023). A resolución dos correspondentes procesos selectivos deu lugar á declaración en situación de excedencia voluntaria por servizo activo en outro corpo ou escala de calquera Administración Pública de 10 profesores/as Titulares de Universidade, situación que non supón a reserva de postos de traballo; e a finalización dos contratos de 11 profesores/as Contratados/as Doutores/as (7 das convocatorias supuxeron a finalización de contratos de profesores/as Axudantes Doutores/as). O custe anual das prazas permanentes, como se describe no Anexo IV, é de 1.484.552,54 €.

Por último, débese contabilizar o custe de amortización de 26 prazas de Axudante Doutor/a no ano 2023 pola execución da OEP 2023 ou de anos anteriores ao seu contrato de Axudante Doutor (1.105.089,48 € en total), que se inclúen relacionadas no anexo V deste documento.

O custe anual de todas as prazas que deixaron de contar con orzamento na RPT de PDI da Universidade da Coruña é de 3.984.054,14 €.



Este resultado supón unha diferenza entre o custo das prazas amortizadas e das prazas a ofertar de -402.352,34 €.

BALANCE DE EXECUCIÓN DA OEP DA UDC:	
(A) Custe anual das prazas da OEP 2024 (Anexo III)	3.581.701,8 €
(B) Custe anual das prazas de PDI que causou baixa no ano 2023	-1.394.412,12 €
(C) Custe anual das prazas declaradas en excedencia sen reserva de posto de traballo (promoción interna) ou extinción do contrato de contratado doutor no ano 2023	-1.484.552,54
(D) Custe anual das prazas de AXU-DR que se amortizaron en 2023	-1.105.089,48 €
Saldo	- 402.352,34 €

Táboa 2: Resumo do Balance de execución da OEP 2024 da UDC

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 establece no artigo 34.un o custe máximo de persoal na Universidade da Coruña en 114.541.000 €. Os orzamentos para o ano 2024 da Universidade da Coruña contemplan uns custes de persoal no Capítulo I de 114.541.000 € (Resolución reitoral da UDC de 22 de decembro de 2023 de prórroga do orzamento para o exercicio 2024).

O resultado indicado nos parágrafos anteriores garante que se cumpre os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a Universidade da Coruña na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 ao non se superar o custe máximo de persoal do artigo 34.un.

O Capítulo I de gastos do orzamento da Universidade da Coruña do ano 2024 ten dotación suficiente para que se poidan convocar tanto por quenda libre como por promoción interna as prazas que se están a solicitar. A Oferta de Emprego Público para o ano 2024 non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a Universidade da Coruña, nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostemento financeiro.

En función de todo o exposto, a Universidade da Coruña SOLICITA a preceptiva autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública establecida no artigo 36.Un da Lei 9/2023, ao fin de poder publicar a OEP do ano 2024 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña e posteriormente realizar as correspondentes convocatorias.

A Coruña,
A vicerreitora de Profesorado

Vº e Prace



Vicerreitoría de Profesorado

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Teresa López Fernández

O vicerreitor de Economía e
Planificación Estratéxica
Ángel Fernández Castro

SRA. DIRECTORA XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
C/C SR. SECRETARIO XERAL DE UNIVERSIDADES



Anexo I

INFORME SOBRE BAIXAS E ALTAS DE PERSOAL DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS E CONTRATADO PERMANENTE DURANTE O ANO 2023**RETIRAR TODOS OS DATOS PERSOAIS, DEIXAR NÚMERO PRAZA RPT**

a) Xubilacións por acadar a idade legal de xubilación

Nº RPT	Apelidos e nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual
11037		Catedrático/a de Universidad			
12285		Profesor/a Contratado/a Doctor/a			
13047		Profesor/a Titular de Universidad			
13359		Profesor/a Titular de Universidad			
12877		Profesor/a Titular de Universidad			
12711		Catedrático/a de Escuela Universitaria			
12477		Profesor/a Titular de Universidad			
12203		Profesor/a Titular de Escuela Universitaria			
13212		Profesor/a Titular de Escuela Universitaria			



11155 Catedrático/a de
Universidad

12787 Catedrático/a de
Universidad

12829 Profesor/a
Titular de
Universidad

12784 Profesor/a
Titular de
Escuela
Universitaria

12401 Profesor/a
Titular de
Universidad

12395 Profesor/a
Titular de
Universidad

13162 Catedrático/a de
Universidad

11045 Catedrático/a de
Universidad

12552 Profesor/a
Titular de
Universidad

13092 Profesor/a
Titular de
Escuela
Universitaria

13156 Profesor/a
Titular de
Universidad

12924 Profesor/a
Titular de
Escuela
Universitaria



12753	Profesor/a Titular de Universidad
12259	Catedrático/a de Universidad
12561	Profesor/a Titular de Escuela Universitaria
13202	Profesor/a Titular de Escuela Universitaria
13053	Profesor/a Titular de Universidad
TOTAL AMORTIZACIÓNS 1.231.340,00 €	

b) Xubilacións por incapacidade permanente

Nº RPT	Apelidos e nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual
13799		Profesor/a Titular de Universidad			

c) Falecemento

Nº RPT	Apelidos e nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual
12827		Profesor/a Contratado/a Doctor/a			



12775

Profesor/a Titular
de Universidad

d) Renuncia ao contrato de PDI contratado permanente

Nº RPT	Apelidos e nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual
91843		Profesor/a Contratado/a Doctor/a			

TOTAL AMORTIZACIÓNS 2023				1.394.412,12 €
---------------------------------	--	--	--	-----------------------



Anexo II

Prazas que se amortizarán a resultas da OEP 2024

Nº Prazas	Categoría	Retribucións Anuais	Custes Sociais	Total Anual/Praza	Custe Total
24	Axudante Doutor/a	30.882,18 €	10.246,68 €	41.128,86 €	987.092,64 €
23	Contrado Doutor/a ou Profesor/a Permanent e Laboral	37.608,12 €	12.027,12 €	49.635,24 €	1.141.610,5 €
11	Titular de Universidade	37.750,56 €	8.697,72 €	46.448,28 €	510.931,08€
TOTAL AMORTIZACIÓNS PREVISTAS					2.639.634,1€

Anexo III

Prazas incluídas na OEP 2024

Nº Prazas	Categoría	Retribucións Anuais	Custes Sociais	Total Anual/Praza	Custe Total
33	Profesor/a Permanente Laboral	37.608,12 €	12.027,12 €	49.635,24 €	1.637.962,84 €
28	Titular de Universidade	37.750,56 €	8697,72 €	46.448,28 €	1.300.551,8 €
11	Catedrático/a de Universidade	47.522,40 €	10.949,16 €	58.471,56 €	643.187,16 €
				TOTAL OEP 2024	3.581.701,8 €



Anexo IV

Prazas amortizadas en 2023 como resultado da execución da OEP dos anos 2021, 2022 e 2023

Nº RPT	Apelidos e nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custes totais anuais	OEP
91192		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
12133		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
640		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2022
90474		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
949		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
91447		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
93212		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
12957		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
91209		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
91782		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023
92868		Profesor/a Contratado/a Doctor/a				OEP 2023



12508	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
00544	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
93398	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
13024	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
12757	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
92823	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
12522	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
12186	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
90447	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023
12777	Profesor/a Titular de Universidad	OEP 2023



Anexo V

Prazas de Axudante doutor/a amortizadas pola execución da OEP do ano 2023 e outras causas

Nº RPT	Nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual	Observacións
671		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
621		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade
676		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2022
617		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
915		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade
620		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
678		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
911		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade



Nº RPT	Nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual	Observacións
614		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
556		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2022
623		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
626		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
563		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2022
681		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade
956		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2021
917		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade
790		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2022



Nº RPT	Nome	Categoría	Retribucións anuais	Custes sociais	Custe total anual	Observacións
613		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
622		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
624		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade
798		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
628		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
616		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
629		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
615		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL
618		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	PPL OEP 2022
566		Axudante Doutor/a	30.732,34 €	10.197,00 €	40.929,24 €	Titular de Universidade



Vicerreitoría de Profesorado

UNIVERSIDADE DA CORUÑA